



## Cuestionario Proust: Dani Costas, poeta

Lecturafilia 13 de decembro de 2024

<https://lecturafilia.com/2024/12/13/cuestionario-proust-dani-costas-poeta/>

Xosé Daniel Costas, ou Dani Costas, é un poeta moañés, autor de obras como *Infancia de vacas mortas*, *Monicreques*, *Conservas* ou *De costumes e agoiros do Mar do Norte*. Membro fundador da Asociación Cultural Lonxa Literaria de Moaña. Activista social e cultural vinculado á vila de Moaña, na actualidade exerce como concelleiro neste municipio da comarca do Morrazo.

Coñecémolo mellor neste Cuestionario Proust:

- 1. O principal trazo do teu carácter?** A timidez.
- 2. Que cualidade aprecias máis nun home?** A sinceridade.
- 3. E nunha muller?** O mesmo.
- 4. Que agardas das túas amizades?** Unha boa conversa e a verdade.
- 5. O teu principal defecto?** Non saber delegar. Estou traballando para evitalo.
- 6. A túa ocupación favorita?** Viaxar e coñecer o motivo das cousas ou polo menos intentalo.
- 7. O teu ideal de felicidade?** Beber unha cervexa tostada mentres falo de literatura, arte, de procesos creativos. Aprender das demais.
- 8. Cal sería a túa maior desgraza?** Non hai mais desgraza que a morte o resto pode amañarse.
- 9. Que che gustaría ser?** O que son.
- 10. En que país desexarías vivir?** En Galiza sen dúbida algunha. E non me cambiaría de lonxitude nin latitude. Moaña é o centro do mar.
- 11. A túa cor favorita?** Verde escuro.
- 12. A flor que máis che gusta?** A da camelia.
- 13. Que paxaro prefires?** Gústanme os paíños. A metáfora de adentrarse no mar e a súa fragilidade aparente.
- 14. Os teus autores/as favoritos en prosa?** Anxo Rei Ballesteros, Leticia Costas, Rosa Aneiros e Pedro Feijoo.

**15. E poetas?** Imposible enumeralos sen deixarme alguén atrás. Así que dígoche Xosé Manuel Millán Otero. Xa que empecei a escribir poesía para intentar expresar o mundo como o lin a través dos seus poemas.

**16. Un heroe de ficción?** Erno Cernui, personaxe a través da novela *Morte de Rei educador* de Don García. Ese home que coñecín a través da novela levoume a soños épicos na miña infancia.

**17. Unha heroína?** Nabiza Girl.

**18. O teu músico ou música favorito/a?** Xabier Blanco.

**19. O teu pintor ou pintora preferido/a?** Luis Seoane.

**20. O teu heroe ou heroína na vida real?** Leticia Santos. Alcaldesa de Moaña.

**21. O teu nome favorito?** Daniel, o nome do meu avó. Síntome moi afortunado de que me acompañe na vida.

**22. Que hábito alleo non soportas?** A prepotencia.

**23. Que é o que máis detestas?** A prevaricación, sen dúbida.

**24. Unha figura histórica que che poña mal corpo?** Francisco Franco e secuaces.

**25. Un feito histórico que admires?** A revolución dos cravos.

**26. Que virtude desexarías posuír?** Ser o mais xusto e ecuánime posible.

**27. Como che gustaría morrer?** De pé e con esperanza.

**28. Cal é o estado máis común do teu ánimo?** Son un pesimista informado que nunca deixa de intentalo.

**29. Que defectos che inspiran maior indulxencia?** A ignorancia.

**30. Tes unha máxima ou lema de vida?** Na presentación do meu primeiro poemario, Millán Otero díxome: «Nunca lle faltes o respecto á poesía». Alguén o entendeu como unha saída de ton, para min foi a mellor lección do mestre.